

Criterios cualificación FQ 1º Bacharelato

Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Procedementos e instrumentos de avaliación:

A nota do alumno será a que o profesor considere oportuna despois de facer unha observación sistemática do alumno.

Observación do traballo diario do alumnado

O profesor ou profesora estará atento ás dificultades, erros, progresos do traballo de cada alumna ou alumno tendo en conta a súa asistencia e puntualidade, a súa actitude, os controis periódicos que se farán etc. A nota do alumno será a que o profesor considere oportuna despois de facer unha observación sistemática do alumno.

Sistema de avaliación.

1) A *cualificación final por avaliación* obterase do seguinte xeito:

Observación directa:(10 % da nota final, é dicir, ata un máximo dun punto) : que recolle o rendemento xeral, progresos, actividades, interese polo traballo, participación en clase, hábitos de traballo, habilidades e destrezas no traballo experimental e traballo relacionado coas prácticas de laboratorio .

As porcentaxes a ter en conta son as seguintes: **10% da nota final**, é dicir, ata un máximo de 1 punto.

A realización das prácticas de laboratorio e a entrega do correspondente traballo(memoria da práctica) son obrigatorias para todo o alumnado .

Probas escritas obxectivas (90% da nota final, é dicir, ata un máximo de 9 puntos)

Realizaranse dous tipos de probas escritas:

- a) Probas de clase, como mínimo unha por avaliación, que o alumnado desenvolverá unha vez impartida unha cantidade de materia que se considere "homoxénea" e que constarán de cuestións teóricas e prácticas relacionadas cos contidos da materia desenvoltos na aula. A media aritmética destas probas constituirán un **40 %** da nota da avaliación correspondente.

b) Farase un exame de contidos por avaliación que constarán de teoría, problemas e cuestións relacionadas coas actividades desenvolvidas na clase e no laboratorio. A nota deste exame completará a porcentaxe restante despois de ter en conta as probas de clase, **50%**, **é condición indispensable ter neste exame como mínimo un 3, no caso de ter unha nota inferior esta sería a nota da correspondente avaliación.**

2) Para a *cualificación final de curso*:

Considérase **condición indispensable aprobar o exame de formulación para aprobar a parte de Química.**

Farase unha recuperación de cada avaliación para aqueles alumnos que non acaden un 5 na súa cualificación, podendo presentarse a dita recuperación os alumnos que desexen mellorar a súa nota.

No mes de Xuño realizarase un exame final, onde podería coincidir a recuperación da 3 avaliación por necesidades de tempo, onde o alumnado terá que realizar o exame daquelas avaliacións con nota inferior a 5, agas no caso de non ter nengunha avaliación aprobada.

Concluídos os exames, incluídos os de recuperación, a cualificación final do curso obterase facendo a nota media das cualificacións obtidas nas tres avaliacións, sempre que a media non sexa inferior a 5 puntos e polo menos dúas avaliacións non teñan unha nota inferior a 5, caso no que non se fará a media e o alumno deberá examinarse de novo na convocatoria de setembro.

Se a cualificación final é inferior a 5 o alumno deberá examinarse na convocatoria de setembro.

No caso de que quede demostrado que un alumno copiou nunha proba, a nota desa avaliación será de 1.

Na convocatoria extraordinaria (setembro) realizarase unha proba sobre os contidos desenvolvidos durante o curso. Esta proba terá o mesmo formato e nivel de dificultade que as elaboradas durante o curso, de tal xeito que o alumno poda aspirar a unha nota mellor ca un simple aprobado. Nesta convocatoria extraordinaria de setembro, o/a alumno/a deberá examinarse de TODA a materia. A cualificación final de Setembro será a obtida no exame.

Criterios de cualificación

Proba escritas(Criterios de cualificación)

Para corrixir os exames de avaliación e probas de clase seguiranse os seguintes criterios:

1. Todas as probas constarán dunha serie de problemas ou exercicios numéricos e prácticos e/ou de cuestións teóricas. Todos os problemas e exercicios terán posto o seu valor.
2. Os erros graves de concepto levarán a anular o apartado correspondente.
3. Os parágrafos/apartados que esixen a solución dun apartado anterior cualifícaranse independentemente do resultado do devandito apartado.
4. Un resultado erróneo pero cun razoamento correcto valorarase.
5. A utilización dunha ecuación incorrecta puntuará como máximo un 25% do apartado
6. No caso de problemas numéricos, será fundamental que o alumno/a desenvolva as estratexias propias da metodoloxía científica na resolución dos mesmos, tendo que estar perfectamente esquematizado, secuenciado e explicado, facendo referencia ás leis nas que se basea.
7. Os erros nas unidades ou ben o non poñelas descontarán un 20% da nota do apartado. Un erro ao copiar un dato dun exercicio descontará un 10% no apartado.
8. Un erro no cálculo considerase leve e descontarase o 20% da nota do apartado, agás que os resultados carezan de lóxica algunha e o alumno non faga unha discusión acerca da falsidade de dito resultado.
9. Nun problema numérico a resposta correcta, sen razoamento ou xustificación pode ser valorado cun 0, se o corrector non é capaz de ver de onde saíu dito resultado.
10. No caso das cuestións ou preguntas teóricas, será fundamental o razoamento das mesmas, facendo alusión ás correspondentes leis físicas ou químicas necesarias para dito razoamento. Non se valorará unha resposta sen razoamento
11. A cualificación terá en conta non só a resolución correcta e a resposta, senón o plantexamento e os comentarios necesarios para poder seguir as leis utilizadas e a súa aplicación. Así mesmo valorarase a claridade dos diagramas, esquemas e debuxos realizados, necesarios para o desenvolvemento do exercicio.
12. Naqueles exercicios nos que interveñan fórmulas químicas dalgún composto, valorarase como máximo un 25% do exercicio/apartado no caso de seren incorrectas ou non estean ben formuladas.